



**FOLLA DE INSCRICIÓN**  
**AULA DE TEATRO DO IES ANTÓN LOSADA**  
**DIÉGUEZ, DA ESTRADA**  
**AVELAÍÑAS TEATRO**  
**CURSO 2018-19**

**DATOS DO/-A MENOR**

**NOME:**

**APELIDOS:**

--	--

**DATA DE NACEMENTO**

**CURSO**

--	--

**ENDEREZO**

--

**DNI**

**TELÉFONO PROPIO**

**TELÉFONOS FAMILIARES**

--	--	--	--

**ENDEREZO ELECTRÓNICO PROPIO**

--

**AUTORIZACIÓN DO/-A PAI/NAI/TITOR/-A**

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, como pai/nai/titor-a **AUTORIZO** ao / á menor **inscrito/-a** na parte superior deste documento a **participar nas clases e nas actuacións da AULA DE TEATRO DO IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ, AVELAÍÑAS TEATRO, e comprométome a recollelo/a no lugar e hora convidos á hora de comezo e remate das actividades, así como a facilitar a súa presenza nas actuacións** que se organicen ao longo do curso por parte do grupo de teatro, a non ser por causa de forza maior.

En A Estrada, a \_\_\_\_ de setembro do 2018

Asdo.: Nai / Pai ou Titor/a do/a alumno/a.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES Antón Losada Diéguez**

R/ Cultura, 2. 36680 A ESTRADA (Pontevedra) Tel.886 151 924 fax: 886 151 933 N.I.F. Q-8655015-I  
e-mail: [ies.losada.dieguez@edu.xunta.es](mailto:ies.losada.dieguez@edu.xunta.es) <http://www.edu.xunta.es/centros/ieslosadadiieguez/>

**ACORDO DE CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE PARA MENORES DE IDADE  
AULA DE TEATRO DO IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ, "AVELAIÑAS TEATRO"**

Dunha parte:

D. Xosé Eixo Branco e Afonso García Penas, en representación da AULA DE TEATRO DO IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ, "AVELAIÑAS TEATRO":

E doutra:

D./Dna. \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, en representación do/a menor \_\_\_\_\_ e a quen no presente acordo denominaremos *TITOR/-A*,

**EXPOÑEN:**

Que ao longo do curso da Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez, realizaranse gravacións en vídeo e fotografías das actuacións que os/as alumnos/as presenten tanto no noso centro educativo, concello, coma noutros lugares.

**Que estas gravacións e fotografías poderán ser empregadas en cartelería, webs e redes sociais dependentes do IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ, así como para a realización de reportaxes, artigos, notas de prensa e documentos que difundan e dean publicidade ás actividades relacionadas coa AULA DE TEATRO.**

*Que estas imaxes e audios serán sempre empregadas sen fins de lucro por parte do IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ e pasarán a formar parte do seu arquivo dixital dende o momento da súa realización.*

Que o/a alumno/a concede á Aula de Teatro do IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ o dereito a gravar e utilizar a súa imaxe, así como a súa silueta e outras reproducións do seu aspecto físico. Que, así mesmo, concede á mencionada Aula o dereito a reproducir a súa voz e todos os efectos sonoros derivados da mesma.

Que o/a alumno/a renuncia a calquera tipo de recompensa económica ou doutra natureza pola súa aparición nas fotografías e gravacións mencionadas.

**A vixencia deste acordo de cesión de dereitos de imaxe dará comezo na data en que se asine o presente documento e non terá data de caducidade.**

Ambas partes certifican que, lido o anterior, comprenden enteiramente o seu significado e amosan o seu acordo e conformidade co mesmo.

E para que así conste aos efectos oportunos, asinan o presente escrito, no lugar e data indicados.

En A Estrada, a \_\_\_\_ de setembro do 2018

Asdo.: Nai / pai ou titor/a do/a alumno/a.


Asdo.: Xosé Eixo Branco

Asdo.: Afonso García Penas

\_\_\_\_\_  
Representantes da Aula de Teatro.



**NOVO CURSO DA  
AULA DE TEATRO  
TEATRO DO IES  
ANTÓN LOSADA  
DIÉGUEZ,  
“AVELAÍÑAS  
TEATRO”  
2018-19**



OS MARTES DE OUTUBRO A  
XUÑO NO SALÓN DE ACTOS DO  
INSTITUTO VÉN TEATRAR CON  
NÓS!!!

[xoseeixo@gmail.com](mailto:xoseeixo@gmail.com)

[agarciapenas@gmail.com](mailto:agarciapenas@gmail.com)

679514407

655345123

**OBXECTIVOS DA AULA DE TEATRO  
DO IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ,  
“AVELAÍÑAS TEATRO”:**

- \* Potenciar as capacidades de expresión corporal e oral do alumnado.
- \* Reforzar as habilidades sociais e favorecer a adquisición destrezas na realización de obradoiros de maquillaxe, son, iluminación, atrezzo...
- \* Posibilitar a posta en escena de dúas obras.
- \* Realizar funcións deses espectáculos por centros de ensino, concellos de Galicia e incluso intercambios con outras comunidades e países (Aragón, Cataluña, Francia, Italia e Polonia)

As clases da AULA DE TEATRO serán **OS MARTES** nos seguintes horarios:

- o 15:10 - 16:10.

-Inicio das clases: MARTES, 2 de outubro.

-Finalización das clases: MARTES, 28 de maio.

-REUNIÓN INFORMATIVA o martes, 2 de outubro ás 18:30 no Salón de Actos do IES Antón Losada Diéguez.

**OUTROS DATOS DE INTERESE:**

\* Para formar parte da AULA DE TEATRO é imprescindible **cumprimentar a folla de inscrición, a de autorización e cesión de dereitos de imaxe, que se poderá recoller no Departamento de Matemáticas e no de Lingua castelá e literatura.**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES Antón Losada Diéguez**

R/ Cultura, 2. 36680 A ESTRADA (Pontevedra) Tel.886 151 924 fax: 886 151 933 N.I.F. Q-8655015-I  
e-mail: [ies.losada.dieguez@edu.xunta.es](mailto:ies.losada.dieguez@edu.xunta.es) <http://www.edu.xunta.es/centros/ieslosadadiéguez/>

## **A. - FUNCIÓNS PREVISTAS:**

1.- No Teatro Principal da Estrada, na III Mostra de Teatro Escolar en homenaxe a D. Olimpio Arca Caldas, na última semana de novembro.

2.- Función para público familiar no Teatro Principal da Estrada o xoves, 20 de decembro.

3.- No CEIP Figueroa o venres, 21 de decembro dentro do programa de actividades das vacacións de nadal.

4.- Función solidaria no Teatro Principal de Ourense en colaboración coa ONG Meniños, de apoio á infancia, no mes de febreiro ou marzo (a data está por determinar e está suxeita á disponibilidad do Teatro Principal de Ourense).

5.- No XII Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei que se celebrará o sábado, 6 de abril, na Casa de Cultura desta localidade. Haberá un roteiro teatral, musical e poético pola aldea de Pambre.

6.- No VII Festival de Teatro Escolar que organiza o IES Antón Losada Diéguez da Estrada o sábado, 27 de abril, no Teatro Principal da Estrada. Haberá un roteiro teatral, musical e poético en Sabucedo.

7.- Na Casa de cultura de Muros, o xoves, 2 de maio, na XIII Mostra de Teatro Escolar, "Xosé Agrelo Hermo" para o alumnado do IES As Insuas.

8.- En Zaragoza, Pineda de Mar, Montpellier e Florencia (os días 13, 14, 15, 16 e 17, 18 e 19 de maio. Estas actuacións irán enmarcadas nunha viaxe para o alumnado de Secundaria e Bacharelato con marcado carácter didáctico e realizaranse en colaboración coa Aula de Teatro do CPI de Touro, a Escola Municipal de Teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei.

9.- Na XII Mostra de Teatro escolar de Laxe, TEATRAPA o sábado, 25 de maio. Haberá un roteiro musical, teatral e poético polas rúas de Laxe organizado en colaboración con diferentes Asociacións musicais e culturais do Concello de Laxe.

10.- Convivencia e traballo actoral para dúas / dous alumnas/-os en Poznan (Polonia) entre o 2 e o 9 de xuño.

## **B) DESTINATARIOS/-AS.**

Alumnado de Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional, Ciclos de grao medio e superior, profesorado, persoal non docente, nais, pais...